PAIXÓN FERROL

NÚMERO 19 · SETEMBRO 2026

Conta atrás para un Domingo de Ramos que chegará cedo

A Xunta de Confrarías activou a conta atrás para a Semana Santa 2027, unha das máis temperás en décadas. Están fixadas xa as datas que marcan o preámbulo da Semana Santa que celebraremos do 21 ao 28 de marzo. Así, o 15 de xaneiro presentarase o cartel no Concello; o 19 de febreiro terá lugar o Vía Crucis e xa en marzo, os días 5 e 13, celebrarase a presentación do procesionario e a revista Ecce Homo, por un lado, e a lectura do pregón. Os escenarios destes dous últimos actos serán, ao igual que o pasado ano, a antiga capela do Torrente Ballester e o Jofre. O vindeiro día 31 de outubro, a Confraría da Soidade pechará o prazo de presentación de obras para o concurso do que sairá a imaxe do cartel promocional de 2027. •

Pax. 2

A Virxe de Dolores camiñou ata o lugar no que espertou o seu fervor

A Confraría de Dolores celebrou o pasado día 5 de setembro unha procesión extraordinaria dun cargado simbolismo. A irmandade levou a Virxe de Dolores ata Ferrol Vello, o lugar no que estaba a antiga igrexa de San Xiao en cuxo interior se constituiu, hai 275 anos, a Venerable Orde Terceira de Servitas. Foi o acto central do programa organizado pola entidade para celebrar a longa historia de devoción e fervor que une a Dolorosa con Ferrol. Participaron todos os terzos de Dolores, outras confrarías e unha representación da Semana Santa de Viveiro.

Pax.3



Carlos Cal, irmán maior da Soidade, fala dos proxectos da confraría

Carlos Cal fala nunha entrevista dos retos que marcou para o seu mandato, cando se cumpre un ano desde a súa elección como irmán maior da Confraría da Soidade. Entre outras cousas, anuncia a súa intención de cambiar os estatutos da irmandade para que tamén sexa "do Ecce Homo". •

Pax. 7

A concatedral de San Xiao acollerá o 21 de decembro a Luz de Belén Pax. 2

A Mercé nomeou á súa emblemática capela "Confrade de Honor" Pax. 4

O Santo Enterro programa o triduo adicado a Virxe do Rosario Pax. 5

As cinco confrarías retoman a atención ao público para novas altas Pax. 6

A Xunta de Confrarías presentará o 15 de xaneiro o cartel de 2027

A Xunta de Confrarías e Irmandades da Semana Santa Ferrolá xa está inmersa, hai tempo, na organización dos actos de 2027. No ano próximo o Domingo de Ramos será o 21 de marzo e o de Resurrección, o 28, de maneira que "cae" moi pronto, só un día por detrás daquela de 2016, a máis temperá que recordamos, que se celebrou do 20 ao 27 de marzo.

Están xa marcadas no calendario as datas dos actos que invariablemente forman parte do preámbulo de cada Semana Santa en Ferrol. O 15 de xaneiro será a presentación do cartel, que na vindeira edición protagonizará a Confraría da Soidade coincidindo co 70 aniversario desde que se constituiu a irmandade. O acto terá lugar de novo, como pasou por primeira vez en 2026, no salón de recepcións do Concello de Ferrol.

O Vía Crucis organizado pola Xunta Xeral de Confrarías celebrarase o venres 19 de febreiro, ás 20.00h, saíndo da igresa de Dolores.

Para o día 5 de marzo, venres, programouse a presentación da nova edición da revista Ecce Homo e do procesionario. O acto terá lugar na capela do Centro Torrente Ballester, ás 18.00h. E por último, o teatro Jofre acollerá a lectura do pregón o día 13 de marzo, sábado, tamén ás 19.00h. •



Ata o 31 de outubro está aberto o prazo no concurso da Soidade

A Confraría da Soidade ten aberto desde o 1 ata o día 31 de outubro o prazo de presentación de obras para o concurso do que sairá a imaxe do cartel da Semana Santa de Ferrol 2027. Poderán presentarse pinturas, fotografías, ilustracións ou calquera creación artística susceptible de reproducirse nun cartel. As persoas interesadas poderán entregar as obras, baixo plica, no local da confraría os martes e xoves de 18.00 a 20.00h, ou ben contactar, para entregar noutro horario concertando unha cita previa, a través do correo electrónico *info@cofradiasoledadferrol.com* ou mediante o número de teléfono 699 84 54 49. O tema do certame é a imaxe da Virxe da Soidade. As bases están na web da irmandade e nas súas redes sociais.

A Luz de Belén celebrarase o 21 de decembro en San Xiao

Está tamén marcada no calendario a data da celebración da Luz de Belén. Será o día 21 de decembro ás 20.00h, na igrexa de San Xiao. Trátase dunha cerimonia impulsada pola Delegación Episcopal de Confrarías da Diócese, que propuxo traer a Ferrol a iniciativa que a finais dos anos 80 iniciaron os Scouts de Austria. Consiste en ir buscar a Belén a chama que arde na cova na que naceu Xesús e espallala polo mundo, como símbolo do desexo de paz para todos os homes de boa vontade.

Cumprindo coas quendas que adoitan seguir as confrarías para sucederse na organización de diferentes actos, a cerimonia da Luz de Belén terá lugar este ano na sede canónica da Irmandade do Santo Enterro, a concatedral de San Xiao. En anos anteriores celebrouse na capela da Mercé, na da Orde Terceira e na das Angustias. Trátase dun acto que reúne a moitos confrades e que é unha ocasión para compartir os desexos dun feliz Nadal, a poucos días da conmemoración do nacemento de Xesús.

Procesión extraordinaria por los 275 años de devoción en Ferrol a la Virgen de Dolores

La Cofradía de Dolores celebró este mes de septiembre los actos conmemorativos del 275 aniversario de la institución en Ferrol de la Congregación de los Siervos de María. La hermandad de Méndez Núñez, como orgullosa continuadora de su tradición espiritual y devocional, organizó una procesión extraordinaria en la que tomaron parte todos sus tercios, así como representantes de otras cofradías de la ciudad y también de la Semana Santa de Viveiro. Se celebró el sábado 5, presidida por la imagen de María Santísima de los Dolores.



Los actos por el 275 aniversario comenzaron el viernes, con el solemne traslado en rosario vespertino de la imagen de Dolores desde su templo de Amboage hasta San Julián. Desde allí partió al día siguiente la extraordinaria, cuyo recorrido incluyó Ferrol Vello en recuerdo de la antigua iglesia del barrio portuario, donde el 6 de diciembre de 1750 se constituyó la VOT de Servitas.

La orden nació en el oratorio que el Cristo de los Navegantes tenía en la desaparecida parroquial del barrio portuario, en el que se veneraban dos



imágenes Dolorosas, la "del Enquentro", más antigua, y otra llegada al templo en 1741. Ambas fueron honradas en los actos de la Cofradía de Dolores este mes de septiembre. La Piedad, que habitualmente ocupa un altar lateral de la sede canónica, fue entronizada en el altar mayor, mientras que la Virgen de Dolores, con

Se creó un logotipo conmemorativo con el corazón de María atravesado por puñales

su emblemático manto recientemente renovado, salió en procesión sobre el conocido como "trono Ferrol".

El acompañamiento musical de este recorrido tan singular, que fue seguido por numeroso público, corrió a cargo de la Xove Banda de Narón y la Banda de Música Misericordia de Viveiro. Fue especialmente simbólico el paso de la Virgen de Dolores por delante del Cuartel de Instrucción, la zona en la que estaba la antigua iglesia de San Julián, desde donde ascendió por la calle San Francisco para llegar a la Real y regresar a su sede canónica.

La Cofradía creó un logotipo conmemorativo del 275 aniversario, en el que se dibujó parte del corazón de María atravesado por puñales.

Inmediatamente después de la procesión extraordinaria del día 5, la Cofradía de Dolores inició la solemne novena que cada año celebra en honor de María Santísima de los Dolores y que terminó el 15, día de su festividad. Como colofón, la eucaristía estuvo acompañada por el coro Diapasón. •

A Confraría da Mercé celebrou a súa festa coa súa centenaria capela ateigada de fieis



A Confraría da Mercé iniciou o "curso" coa celebración da festividade da súa titular mariana e coas actividades que habitualmente organiza arredor da mesma. O triduo en honor da Virxe da Mercé celebrouse do 21 ao 24, e cada eucaristía complementouse con algún acto máis: a primeira coa ofrenda floral por parte de todos os terzos da irmandade, o Movemento Xuvenil Mercedario e a Orde Terceira Mercedaria; a segunda co nomeamento do confrade de honor e a terceira coa imposición de Medallas da Orde Terceira Mercedaria. Xa o día 24, a celebración incluiu a presentación de cinco nenos e nenas diante da Virxe da Mercé.



A capela da Mercé, que neste 2026 cumpre cen anos, foi nomeada Confrade de Honor no marco do triduo. A irmandade colocará un azulexo conmemorativo deste recoñecemento, que amosa o estrecho vínculo que ten coa súa capela. •

A eucaristía da festividade da Mercé, nunha capela ateigada de fieis, estivo presidida por José Ignacio Postigo, recentemente nomeado máximo responsable provincial dos mercedarios e que foi director do colexio Tirso de Molina en Ferrol.

Recordou a chegada no ano 2001 da singular imaxe da Mercé, realizada en madera de cedro e pintada coa técnica do estofado polo sevillano Méndez Lastrucci, e o significado que ten máis aló do meramente artístico. "Procesionar esta imagen es algo más que procesionar un trozo de madera -dixo Postigo-; procesionamos una fe, un sentido de la vida, un compromiso...", señaló, para rematar instando aos confrades a "alzar la mirada y caminar", utilizando o lema da visita do Papa León XIV.

Tras a celebración saiu a procesión coa imaxe da Virxe da Mercé. Ás portas da capela esperaba o Coro Toxos e Froles, que un ano máis adicoulle a canción que hai anos compuxo para Ela. A banda Acotaga acompañou á comitiva, que deu unha volta á praza de Amboage, con parada na igrexa de Dolores.

Arredor de 400€ de recadación

O mes da Mercé tamén incluiu actividades de confraternización e de formación. Así, o pasado día 13 organizouse unha xinkana na que participaron os formandos e o 20 celebrouse unha charla e un aperitivo. O pasado día 27 chegaron os callos, unha proposta que se está a consolidar cada mes de setembro. Coa venda das racións de callos e co bingo solidario, que tivo lugar o mesmo día, a irmandade reuniu uns 400€ para a súa bolsa de caridade.

O Santo Enterro programa o triduo á Virxe do Rosario

A Irmandade do Santo Enterro celebrará os vindeiros días 5, 6 e 7 de outubro o seu triduo en honor da Virxe do Rosario. Os dous primeiros días haberá rezo do rosario ás 10.30 e misa ás 11.00h, na concatedral de San Xiao, mentres que o día da festividade, o 7, está prevista a misa pola mañá e outra función pola tarde.

A de Nosa Señora do Rosario é unha advocación con moita historia en Ferrol. Contaba xa cun altar lateral na antiga igrexa parroquial situada na zona portuaria e a Armada adoptouna como patroa tras a vitoria de Lepanto. A Irmandade do Santo Enterro elixiuna en 2012 como a súa titular mariana, atendendo a esta tradición e ao feito de que é a principal virxe que ten a concatedral. Trátase dunha talla do escultor compostelán Xosé Rivas, o mesmo que asinou o Redentor da Mercé, que data de 1927.

A irmandade dará maior solemnidade á misa de réquiem neste ano do seu 75 aniversario

Por outra parte, a irmandade de San Xiao ten previsto darlle á súa tradicional misa de réquiem que celebra cada primeiro venres de novembro un carácter especialmente solemne, no marco da conmemoración do 75 aniversario da confraría. A falta de pechar máis detalles, está previsto que a función sexa acompañada pola actuación da Coral Polifónica Ferrolana A Magdalena. •

As Angustias traballa para crear a dotación da Virxe da Caridade

A Confraría das Angustias está a traballar, como xa informara hai tempo, na posibilidade de portar por fóra o trono da Virxe da Caridade e o Silencio, o vindeiro Sábado Santo, e non baixo o paso como se fixo nos últimos anos. Con ese obxectivo, a irmandade fixo recentemente unha chamada a persoas, confrares ou non, que queiran colaborar.

Desde a irmandade de Esteiro comentan que a dificultade está no paso do trono pola porta do santuario. As persoas interesadas poden poñerse en contacto coa confraría por Whatsapp, a través do número 640 550 729, coa maior brevidade.

Por outra parte, a capela das Angustias acollerá do 21 ao 23 o triduo en honor de San Antonio María Claret e ao día seguinte, o 24, a festividade. É o fundador dos Pais Claretianos, responsables da atención do santuario. Como curiosidade, Claret foi o confesor da



Raíña Isabel II e viaxou con ela a Ferrol en 1858. Daquela predicou durante cinco días na igrexa de San Xiao, tal como lembra unha placa colocada no templo. •

O Youtube da Xunta de Cofradías supera as 3.500 subscricións

A canle de Youtube da Xunta de Confrarías da Semana Santa de Ferrol experimenta cada ano un crecemento destacado de subscricións, durante os días das procesións, polas emisións que se fan en directo. Porén, hai que destacar que a audiencia nesta plataforma segue a medrar ao longo do resto do ano e que actualmente suman 3.530 os seus seguidores.

Na canle de Youtube publícanse de maneira regular vídeos cortos (shorts) tomados durante a pasada Semana Santa e noutros actos como foi a procesión da Virxe do Carme, por exemplo.

Cómpre recordar que a Xunta de Confrarías e Irmandades mantén activos perfís nas redes sociais Instagram (*@juntageneralcofradiasferrol*), Facebook (*@Juntageneraldecofradias*) e TikTok (*@semanasantadeferrol*), así como unha canle de Whatsapp que ten agora máis de 2.370 seguidores. Na web *www.semanasantaferrol.com* están os accesos a cada una destas contas.

Os locais das confrarías abren con regularidade tras o parón estival

Rematado o mes de agosto, todas as confrarías penitenciais de Ferrol retomaron o pulso neste setembro e reabriron as súas oficinas. Todas volven xa a recibir novas altas, que cada vez máis chegan ao longo de todo o ano.

A Confraría das Angustias abre o seu local, no anexo ao santuario de Esteiro, os martes e os xoves polas tardes, de 18.30 a 20.30h. Segundo recorda a irmandade, ademais das novas altas, na oficina encárganse tamén da venda de merchandising e da lotería de Nadal, así como de xestionar o pago das cotas anuais.

A Casa de Irmandade da Confraría de Dolores, situada no 199 da rúa Magdalena, abre todos os



martes de 18.30 a 20.00h e pon a disposición das persoas interesadas o correo electrónico *cofradiadolores@gmail.com*. A entidade informou recentemente destes horarios e tamén dos da igrexa de Dolores, que abre os martes, xoves e domingos de 18.00 a 20.00h e os sábados de 11.00 a 13.00h, e que celebra a eucaristía os domingos ás 19.00h.

A Mercé abre o seu local no 179 da rúa María os martes polas tardes, de 18.00 a 20.00h. Pon a disposición de confrares e persoas interesadas o teléfono 622 883 232 e o correo electrónico *cofradiamercedferrol@gmail.com*.

Na Casa da Irmandade da Confraría da Soidade, situada na rúa Espartero número 11, están todos os martes e xoves de 18.00 a 20.00h. Para calquera consulta pódese chamar ao número de teléfono 609 257 735 ou escribir a *info@cofradiasoledadferrol.com*.

Coa Irmandade do Santo Enterro, cuxa sede está no interior da concatedral de San Xiao pódese contactar chamando ou enviando un Whatsapp ao número 650 502 279, ou a través do formulario que hai na súa páxina *www.santoentierroferrol.org*. •

Lotería de Nadal de catro irmandades

As confrarías da Mercé, Soidade, Dolores e Angustias teñen á venda desde hai máis dun mes a súa lotería de Nadal, con boletos nos que se xoga ao sorteo e tamén se contribúe, cunha pequena parte, ao sostemento da entidade.

O número da Mercé é o 66.445; o da Soidade, o 11.434; o de Dolores, o 42.925, e o das Angustias, o 41.768. Todas pódense adquirir nas oficinas das confrarías e nos habituais establecementos colaboradores. O Museo da Semana Santa ten á venda as das confrarías das Angustias e a Soidade.

Visitas de grupos ao Museo da Semana Santa

O Museo da Semana Santa, que recuperou o pasado 1 de setembro o seu horario de inverno, recibiu a finais de xuño a visita de dous grupos. Un deles estaba formado por 102 persoas do colectivo "Todo Arte" de Vigo, que acudiron a ver a exposición e tamén a capela da Mercé, e o outro foi o de 39 personas pertencentes á Confraría do Cristo do Perdón de Velle (Ourense).

O Museo da Semana Santa abre ao público de martes a domingos de 11.30 a 13.30h e os venres e sábados tamén de 16.30 a 19.30h. •



José Carlos Cal Celeiro, hermano mayor de la Cofradía de la Soledad

"Esta cofradía tiene mucho potencial y hay que hacer todo lo posible por explotarlo"

Carlos Cal Celeiro cumple un año como hermano mayor de la Cofradía de la Soledad, un cargo que no ha variado mucho su forma de vivir la Semana Santa, según dice, por el tiempo que ya llevaba asumiendo diferentes responsabilidades. En 2027, la hermandad celebrará 70 años de existencia.

► *Cuáles son las líneas esenciales de su proyecto?*

► Lo que pretendo, en mi mandato de cinco años, es conseguir que esta cofradía se pueda autofinanciar, subsistir por ella misma. Que tenga una identidad más propia. Y más lazos de unión con la Orden Tercera franciscana, con la que tenemos una historia en común aunque hay que recordar que una cofradía y una orden tercera son entidades diferentes y cada una tiene su espacio. Además, llevamos años evolucionando y esa evolución tiene que continuar. Quiero que el cofrade se sienta orgulloso de su hermandad, dar una imagen de cofradía cara al exterior. Con esto tiene que ver la nueva Casa de Hermandad, por ejemplo. Esta cofradía tiene mucho potencial, siempre lo he dicho. Y hay que hacer todo lo posible por explotarlo.



► *En 2027 se cumplen 70 años de la constitución de la Cofradía de la Santísima Virgen de la Soledad.*

► Sí, vamos a promover algunas actividades para celebrarlo. Están todavía por definir. Y con ese motivo vamos a elegir la imagen del cartel de la Semana Santa de Ferrol 2027, en octubre se abre el plazo de presentación de obras, hasta el día 31. Y voy a intentar, en mis cinco años de mandato, reformar los estatutos para que nuestra cofradía se llame también del Ecce Homo. Ya lo he dicho en asamblea.

► *Hablaba antes de la evolución de los últimos años... el cambio a portar los tronos es el más importante?*

► Sacar los tronos a hombros fue lo más importante y también lo más complicado. Nosotros empezamos siendo siete portando, luego vinieron a echarnos una mano de la Merced, después de Dolores y Angustias... y ahora ya tenemos dotaciones propias y estamos afianzando eso. Es a base de tiempo.

► *¿Y qué proyectos tiene sobre la mesa en cuanto a patrimonio?*

► En la próxima Semana Santa vamos a incorporar un trono nuevo para el Santísimo Cristo de la Buena Muerte, que así saldrá por primera vez con la Cruz de pie. En mente tenemos un nuevo Jesús Resucitado, pero ese es un proyecto a más largo plazo.

► *Mantendrán el traslado de la imagen el Sábado de Pasión, como por primera vez se hizo este año?*

► Sí, es un acto que ya se va a mantener siempre, portado en la Cruz directamente, igual que se hizo este año.

► *Cuántos cofrades tiene actualmente la Soledad?*

► Alrededor de 230, en los últimos años sumamos altas, y la verdad es que cada vez más la gente viene ya a lo largo de todo el año, no esperan a la víspera de la Semana Santa para apuntarse. •

A Virxe do Carme camiñou un ano máis polas rúas e navegou pola ría de Ferrol









A Xunta de Confrarías da Semana Santa cumpriu este xullo cinco edicións desde a recuperación da procesión da Virxe do Carme, un evento que decaera había décadas e que as irmandades quixeron devolver a unha cidade mariñeira como é Ferrol. Este ano, a imaxe saiu o día 15 da igrexa de San Francisco, como un xesto de agradecemento á Armada, que colaborou poñendo nas mans dos seus carpinteiros a remodelación do trono. O traslado fixo parada diante do convento das Escravas, que lle adicaron unha canción á Virxe, e continuou ata o Arsenal. O estado das obras na zona permitiu a entrada pola Porta do Parque e unha vez no peirao fíxose a tradicional ofrenda floral. Ao día seguinte, 16 de xullo, a imaxe presidiu os actos da Armada e, pola tarde, encabezou a procesión marítima organizada pola Autoridade Portuaria.